

BANDO

D. Fernando Couce Rodríguez, Alcalde do Concello de Cabanas, en cumprimento do establecido no artigo 21.1.e da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

FAI SABER QUE:

Cabanas, do mesmo xeito que moitos dos municipios de Galicia, atópase actualmente nunha situación preocupante de fronte ao abastecemento de auga nas próximas datas.

A falta de precipitacións está xerando unha situación de alarma en canto ao abastecemento de auga na localidade. A actual tendencia de consumo e a escaseza de choivas poderían levarnos a unha situación que nos obrigaría a realizar importantes restricións na subministración.

O Concello de Cabanas decidiu adoptar como medidas preventivas o peche das duchas na praia da Madalena e das fontes públicas.

Solicito a máxima colaboración por parte dos veciños e veciñas, facendo un uso responsable da auga potable, mediante a adopción das seguintes medidas:

- TER ESPECIAL COIDADADO NA DETECCIÓN DE FUGAS E AVARIÁS
- PROHÍBESE O USO DE AUGA POTABLE PARA ENCHIDO DE PISCINAS, REGAS, BALDEOS, LIMPEZA DE FACHADAS E VEHÍCULOS, ETC...
- TOMAR MEDIDAS QUE SUPONAN UN AFORRO DOS ESCASOS RECURSOS DISPONIBLES NAS VIVENDAS.
- INSTAR ÁS EMPRESAS E INDUSTRIAS A MINIMIZAR O CONSUMO E A UN USO RAZOABLE DA AUGA DO ABASTECIMENTO MUNICIPAL, TENDO EN CONTA QUE O USO PRIORITARIO É O DO ABASTECIMENTO Á POBOACIÓN.

Por iso, quero facer un chamamento aos veciños e veciñas para que entre todos consigamos atenuar no posible esta situación, REALIZANDO UNHA UTILIZACIÓN RESPONSABLE E SOSTIBLE DA AUGA, e tomando conciencia de que estamos ante un grave problema de escaseza dun ben indispensable.

O que se fai público para o seu coñecemento e debido cumprimento.

Cabanas 18 de agosto de 2023
O Alcalde,
Fernando Couce Rodríguez

